

Tipos de textos

Literarios

Son textos que narran ou contan algo de forma moi especial, con palabras escollidas para crear arte, arte literario. Coa intención de gustar a quen as le e transmitir emocións.

Características

- Estilo subxectivo.
- Escrito en forma artística.
- Estilo coidado e agradable de ler.
- Linguaxe variada e rica.
- Narración da realidade.

Exemplos

- Contos.
- Novelas.
- Obras de teatro.
- Letras de cancións.
- Poemas...

Non literarios

Son textos sinxelos que usan a linguaxe de forma clara e concisa, coa finalidade de transmitir información, sen tentar influenciar con emocións.

Características

- Estilo obxectivo.
- Estilo claro e conciso.
- Escrito en forma informativa.
- Linguaxe técnica e rigorosa.
- Carácter divulgativo.

Exemplos

- Receitas de cociña.
- Noticias.
- Biografías.
- Manuais de instrucións.
- Regras dun xogo...